



Memoria xustificativa do convenio-tipo de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversos concellos de Galicia para mantemento dos gastos derivados do establecemento de normas e pautas organizativas de seguridade e vixilancia, de limpeza e de control ambiental das praias destinadas á prevención da COVID-19

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica (DOG núm. 141, do 24 de xullo) ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar convenios de colaboración con diversos concellos para a execución de proxectos relacionados cos fins e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental sinalados no artigo 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. É dicir, actuacións destinadas á protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, que inclúe aquelas actuacións que teñan por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco, que teñen acollida no artigo 2.1.c) da Orde do 19 de decembro de 2019, pola que se regulan os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para 2020.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

Pola súa vez, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas; entre estas, a de seguridade en lugares públicos.

Nesta colaboración, a Xunta de Galicia e os concellos teñen como común obxectivo conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.





Este obxectivo común refórzase no contexto actual de crise sanitaria causada polo COVID-19 no que, a medida que se van determinando as condicións e os requisitos para volver a ocupar os espazos públicos, resulta evidente que os concellos costeiros de Galicia van ter que tomar importantes medidas destinadas á prevención do virus e que permitan abrir as súas praias co menor risco sanitario para as persoas usuarias destes espazos públicos.

Para facer posible a colaboración cos concellos na consecución deste obxectivo común e no escenario conformado polas medidas extraordinarias a que obrigou a pandemia, a Xunta de Galicia pretende colaborar cos concellos costeiros na reactivación dun sector económico tan importante a nivel local como é o turístico, paralizado a causa das restricións adoptadas para controlar e previr a COVID-19, e que precisa para a súa recuperación da implantación e mantemento de medidas en materia de seguridade, limpeza e hixiene e de control ambiental das praias, que constitúen o factor de atracción turístico máis importante na época estival.

Medidas para manter a distancia entre persoas (organización de accesos, control de aforos ou de permanencia, ...), os labores de limpeza e mantemento das instalacións de uso común (duchas, baños, accesos, ...), os traballos de limpeza dos areais (mecánicos e manuais) e a recollida de residuos, o reforzo dos cadros de persoal dedicado ás tarefas de limpeza, organización ou vixilancia, entre outros aspectos, son exemplos de medidas organizativas que van ter que afrontar os concellos costeiros, especialmente aqueles que experimentan cada período estival un incremento de poboación directamente relacionado co uso e disfrute destes espazos naturais.

De acordo co previsto no artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, mediante a Orde do 19 de decembro de 2019 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Consonte esta distribución do Fondo para 2020, nas aplicacións do proxecto orzamentario 2015 00168, Outras actuacións específicas de protección do ambiente, existe crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz nesta colaboración que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende establecer coas entidades locais de Galicia co fin de implantar normas e pautas organizativas, de seguridade e vixilancia, de limpeza e control ambiental das praias que garantan o seu uso seguro durante a época estival, controlando e previndo un rebrote da COVID-19.

O obxecto desta colaboración concretaríase no financiamento dos gastos derivados do funcionamento destes servizos municipais así como os investimentos necesarios para a implantación das devanditas medidas de seguridade, limpeza e control ambiental das praias, tanto preventivas como organizativas. En definitiva, actuacións específicas de protección do ambiente, que inclúen a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco, financiábles con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

Xa que logo, converxe a conxuntura descrita co obxectivo da actuación para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa destas subvencións.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar os instrumentos convencionais ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2020, se ben consideraranse subvencionables todos os gastos que os concellos realicen para a implantación nas praias das medidas preventivas da COVID-19, sempre que se trate de gastos do presente exercicio orzamentario, derivados da implantación de normas e pautas organizativas, de seguridade e vixilancia, de limpeza e de control ambiental das praias durante a época estival para o control e a prevención da COVID-19.





4. Obxecto do convenio

Os convenios teñen por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e os concellos para implantar normas e pautas organizativas, de seguridade e vixilancia, de limpeza e control ambiental das praias que garantan o seu uso seguro durante a época estival, para a prevención da COVID-19, sen riscos sanitarios para as persoas usuarias destes espazos públicos, e procurando asemade a súa conservación e mantemento desde o punto de vista ambiental.

Para os efectos destes convenios, consideraranse subvencionables aqueles gastos que teñan por obxecto:

- a) Os gastos do persoal dedicado aos labores de establecemento de medidas organizativas ou ao mantemento, vixilancia, limpeza e control ambiental de praias relacionados co control e prevención da COVID-19:
 - Persoal de limpeza e desinfección das zonas de praia, accesos e instalacións de uso común.
 - Persoal para control de aforos á praia.
 - Persoal para control e/ou instalacións de zonificación ou sectorización da praia.
- b) Os gastos en bens correntes e servizos causados polo establecemento das medidas organizativas, pola limpeza e mantemento dos espazos e instalacións, pola recollida de residuos, ou polos servizos de vixilancia necesarios no mantemento da seguridade das praias relacionados co control e prevención da COVID-19:
 - Limpeza e desinfección do mobiliario de praia, instalacións e zonas de tránsito: varandas, pasos de acceso e pasarelas de madeira, duchas, baños, vestiarios, lavapés, papeleiras, asentos e outro mobiliario (exclúense as casetas de vixilancia e socorrismo).
 - Limpeza dos areas, tanto a manual como a automatizada.
 - Material de cartelería e servizos de megafonía (obrigas de manter distancia social, cumprimento de normas de hixiene e medidas para sectorización e control de aforos).
 - Materiais para prevención de riscos laborais do persoal (socorristas, persoal de limpeza, de control de aforos e zonificación): material de hixiene persoal de lavado e desinfección de mans e hixiene respiratoria (dosificadores, xel hidroalcohólico, pantallas e máscaras).
 - Produtos para o lavado e a desinfección de mans das persoas usuarias das instalacións comúns (servizos e vestiarios): instalación de dosificadores e adquisición de xel hidroalcohólico.
- c) Os gastos en maquinaria, sinalización e balizamento e outro investimento necesario para o establecemento e/ou o mantemento das medidas organizativas, en materia de seguridade, limpeza e hixiene das praias e de mantemento e control ambiental, relacionadas co control e a prevención da COVID-19:
 - Adquisición de elementos e materiais para zonificación, parcelación ou sectorización da praia.
 - Equipamento para sinalización e control de aforos das praias (incluído software e drones e os gastos para cualificación ou certificación do persoal para condución dos drones, como cursos ou certificados,).
 - Maquinaria para limpeza da area da praia e para limpeza e desinfección do mobiliario e das zonas de tránsito.
 - Material de cartelería e megafonía (obrigas de manter distancia social, cumprimento de normas de hixiene e medidas para sectorización e control de aforos).





O obxectivo común é conseguir ou recuperar un óptimo nivel de funcionamento dos servizos municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, garantindo o uso seguro das praias durante a época estival, sen riscos sanitarios para as persoas usuarias destes espazos públicos, como parte das medidas de control da COVID-19, e asemade colaborar na reactivación da actividade do sector turístico e da recuperación económica no ámbito local.

5. Fundamentos do convenio

As actuacións no ámbito municipal para a implantación e o mantemento de medidas organizativas e de vixilancia, de limpeza e hixiene e de control ambiental das praias coas que se pretende colaborar resultan de interese para a Xunta de Galicia polo que supoñen de potenciación e apoio á reactivación dun sector económico tan importante a nivel local como é o sector turístico, paralizado a causa das restricións adoptadas para controlar a COVID-19, e que precisa para a súa recuperación da implantación das medidas que permitan o uso seguro das praias, por seren estes os espazos públicos que constitúen o factor de atracción turístico máis importante na época estival.

Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa o establecemento e o mantemento de normas e pautas organizativas, de seguridade e vixilancia, de limpeza e hixiene e de control ambiental nas praias dos concellos costeiros que na época estival van experimentar unha importante afluencia de persoas usuarias deses espazos públicos, unido a un maior número de prazas hostaleiras de aloxamento, dará lugar a un elevado incremento poboacional durante a época.

As axudas destinaranse a aqueles concellos costeiros que contén cun número de praias superior a 5, unha cifra de poboación inferior a 40.000 habitantes e un mínimo de 300 prazas de aloxamento, ao considerarse que son estes os que afrontarán maiores dificultades ante as urxentes e sobrevidas necesidades de financiamento derivadas da implantación das medidas extraordinarias por causa da pandemia do COVID-19, que permitan un uso seguro das praias.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias destes concellos, que veñen incidir nun contexto orzamentario necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos extraordinarios que o obxecto destas subvencións representa para as facendas municipais, que precisan da dotación ou ampliación dos medios persoais e materiais para unha utilización segura das praias.

Os criterios para a determinación da proposta son os seguintes:

1. Concellos costeiros con poboación inferior a 40.000 habitantes (datos 2019 obtidos da páxina web do Instituto Galego de Estatística)
2. Que experimenten na tempada de verán un incremento estacional de poboación, medido polo número de prazas de aloxamento cun mínimo de 300 prazas. Para a determinación deste requisito utilizáronse últimos datos fornecidos polo Instituto Galego de Estatística, procedentes da Axencia Turismo de Galicia, referidos ao ano 2019.
3. Que teñan máis de 5 praias segundo o Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG núm. 72, do 12 de abril).

A conxuntura descrita, as circunstancias específicas dos devanditos concellos e o obxectivo da actuación converxen para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención aos concellos que se relacionan na táboa inserida como anexo a esta memoria e da cal forma parte.

En todo caso, os concellos beneficiarios deberán acreditar, con carácter previo á formalización do convenio, o cumprimento dos seguintes requisitos:





1. Teren remitida a conta xeral do exercicio 2018 ao Consello de Contas antes do 1 de xuño de 2020.
2. Non estaren incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10, alíneas 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, de producirse dispoñibilidade orzamentaria logo da tramitación destes convenios, poderá aplicarse o remanente para colaborar cos concellos do interior que dispoñan de praia fluvial con servizo de vixilancia e socorrismo subvencionado pola Xunta de Galicia.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos destes convenios, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de 1.158.711,97 €, aportando para cada convenio unha cantidade que pode acadar ata o 75% do orzamento total do proxecto (IVE incluído), se ben poderán aplicarse porcentaxes de financiamento diferentes en función da natureza do gasto (gastos de funcionamento ou investimentos).

As aplicacións orzamentarias con cargo á que se financiarán estes gastos serán a 05.23.141A.461.0 (cunha dotación de 658.711,97 €) e a 05.23.141A.761.1, cunha dotación de 500.000,00 €), ambas as dúas encadradas no proxecto orzamentario 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Con base en todo o anterior

ACORDO:

1. Iniciar os trámites en orde á tramitación dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e distintos concellos de Galicia para a execución de proxectos que teñen por obxecto o financiamento dos gastos derivados do establecemento de medidas organizativas e do mantemento e limpeza das praias derivadas da implantación das medidas extraordinarias por causa da pandemia do COVID-19.
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Xestión e Cooperación Económica coas EELL

Raquel Bahillo Varela

Documento asinado dixitalmente á marxe





ANEXO I – PROPOSTA DE CONCELLOS BENEFICIARIOS

Concello	Delegación Territorial	Total prazas aloxamentos (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Ares	A Coruña	592	5.732	SI	11	10	1
Arteixo	A Coruña	781	32.262	SI	12	12	0
Baiona	Vigo	3.518	12.122	SI	7	2	5
Barreiros	Lugo	2.582	2.934	SI	11	11	0
Boiro	A Coruña	953	18.838	SI	21	17	4
Bueu	Pontevedra	1.189	12.009	SI	35	29	6
Burela	Lugo	602	9.588	SI	7	4	3
Cabana de Bergantiños	A Coruña	577	4.248	SI	7	7	0
Camariñas	A Coruña	722	5.272	SI	19	18	1
Cambados	Pontevedra	1.283	13.744	SI	17	13	4
Cangas	Vigo	2.461	26.542	SI	39	33	6
Carballo	A Coruña	1.201	31.349	SI	7	7	0
Carnota	A Coruña	1.087	3.957	SI	22	20	2
Cedeira	A Coruña	440	6.640	SI	7	6	1
Cee	A Coruña	1.520	7.546	SI	9	7	2
Cervo	Lugo	300	4.227	SI	8	5	3
Fisterra	A Coruña	1.990	4.708	SI	11	8	3
Foz	Lugo	2.260	9.980	SI	19	19	0
Grove, O	Pontevedra	7.892	10.650	SI	54	40	14
Guarda, A	Pontevedra	2.226	9.977	SI	8	6	2
Illa de Arousa, A	Pontevedra	1.051	4.926	SI	64	51	13
Laxe	A Coruña	745	3.016	SI	6	5	1
Malpica de Bergantiños	A Coruña	1.075	5.391	SI	13	11	2
Marín	Pontevedra	476	24.319	SI	8	8	0
Miño	A Coruña	1.337	6.200	SI	8	6	2
Moaña	Vigo	493	19.399	SI	17	11	6
Muros	A Coruña	1.701	8.556	SI	32	26	6
Muxía	A Coruña	1.775	4.657	SI	18	17	1
Nigrán	Vigo	2.735	17.675	SI	11	6	5
Noia	A Coruña	491	14.263	SI	6	6	0
Oleiros	A Coruña	1.828	36.075	SI	16	5	11
Ortigueira	A Coruña	694	5.671	SI	23	22	1
Pobra do Caramiñal, A	A Coruña	1.173	9.338	SI	24	17	7
Poio	Pontevedra	2.952	17.082	SI	25	12	13
Ponteceso	A Coruña	381	5.502	SI	11	10	1
Pontedeume	A Coruña	759	7.777	SI	7	6	1
Porto do Son	A Coruña	1.676	9.171	SI	30	24	6
Redondela	Vigo	801	29.218	SI	8	6	2
Rianxo	A Coruña	467	11.033	SI	10	10	0
Ribadeo	Lugo	1.726	9.854	SI	13	13	0
Ribeira	A Coruña	2.036	26.886	SI	37	19	18





Concello	Delegación Territorial	Total prazas aloxamentos (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Sada	A Coruña	893	15.841	SI	8	6	2
Sanxenxo	Pontevedra	23.641	17.347	SI	32	21	11
Valdoviño	A Coruña	921	6.563	SI	16	16	0
Vicedo, O	Lugo	331	1.675	SI	14	13	1
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1.307	37.456	SI	8	3	5
Vilanova de Arousa	Pontevedra	2.014	10.302	SI	21	18	3
Viveiro	Lugo	1.816	15.466	SI	11	8	3





ANEXO II – TODOS OS CONCELLOS DE GALICIA

Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Abadín	Lugo	0	58	100	0	158	2.367					
Abegondo	A Coruña	16	11	0	14	41	5.406					
Agolada	Pontevedra	0	0	0	31	31	2.344					
Alfoz	Lugo	22	0	0	8	30	1.688					
Allariz	Ourense	111	64	0	42	217	6.188					
Ames	A Coruña	51	34	62	38	185	31.793					
Amoeiro	Ourense	0	0	0	22	22	2.280					
Antas de Ulla	Lugo	21	0	0	0	21	1.976					
Aranga	A Coruña	0	0	0	0	0	1.849					
Arbo	Pontevedra	0	23	24	63	110	2.580					
Ares	A Coruña	48	21	0	0	69	5.732	SI	SI	11	10	1
Arnoia, A	Ourense	95	10	0	46	151	1.000					
Arteixo	A Coruña	415	122	0	6	543	32.262	SI		12	12	0
Arzúa	A Coruña	60	291	786	216	1.353	6.041					
Avión	Ourense	0	0	0	15	15	1.795					
Baiona	Vigo	780	118	19	18	935	12.122	SI	SI	7	2	5
Baleira	Lugo	24	5	84	0	113	1.241					
Baltar	Ourense	0	17	0	44	61	962					
Bande	Ourense	0	9	68	8	85	1.528					
Baña, A	A Coruña	0	0	0	41	41	3.450					
Baños de Molgas	Ourense	201	0	35	0	236	1.519					
Baralla	Lugo	0	28	0	0	28	2.556					
Barbadás	Ourense	68	0	0	16	84	11.037					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Barco de Valdeorras, O	Ourense	116	225	0	0	341	13.395					
Barreiros	Lugo	168	161	0	54	383	2.934	SI		11	11	0
Barro	Pontevedra	0	55	0	9	64	3.680					
Beade	Ourense	0	0	0	0	0	397					
Beariz	Ourense	0	0	0	6	6	971					
Becerreá	Lugo	14	85	0	22	121	2.818					
Begonte	Lugo	0	44	94	0	138	3.026					
Bergondo	A Coruña	143	70	0	0	213	6.633	SI	SI	4	3	1
Betanzos	A Coruña	91	15	37	0	143	12.959					
Blancos, Os	Ourense	0	0	0	0	0	766					
Boborás	Ourense	6	18	0	41	65	2.285					
Boimorto	A Coruña	0	18	63	30	111	1.985					
Boiro	A Coruña	148	142	0	52	342	18.838	SI	SI	21	17	4
Bola, A	Ourense	0	0	0	0	0	1.156					
Bolo, O	Ourense	0	14	0	16	30	884					
Boqueixón	A Coruña	0	13	18	18	49	4.220					
Bóveda	Lugo	0	43	0	30	73	1.481					
Brión	A Coruña	161	0	0	0	161	7.837					
Bueu	Pontevedra	143	83	0	32	258	12.009	SI	SI	35	29	6
Burela	Lugo	282	134	0	0	416	9.588	SI	SI	7	4	3
Cabana de Bergantiños	A Coruña	192	29	0	23	244	4.248	SI		7	7	0
Cabanas	A Coruña	282	140	0	0	422	3.281	SI	SI	4	2	2
Caldas de Reis	Pontevedra	555	117	165	48	885	9.785					
Calvos de Randín	Ourense	0	0	0	14	14	770					
Camariñas	A Coruña	61	172	0	0	233	5.272	SI	SI	19	18	1





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Cambados	Pontevedra	619	188	0	124	931	13.744	SI	SI	17	13	4
Cambre	A Coruña	60	82	0	0	142	24.648					
Campo Lameiro	Pontevedra	0	10	0	20	30	1.817					
Cangas	Vigo	310	128	0	86	524	26.542	SI	SI	39	33	6
Cañiza, A	Pontevedra	72	0	0	57	129	5.180					
Capela, A	A Coruña	45	26	16	24	111	1.232					
Carballeda de Avia	Ourense	0	8	0	0	8	1.286					
Carballeda de Valdeorras	Ourense	0	14	0	0	14	1.545					
Carballedo	Lugo	24	0	29	6	59	2.193					
Carballiño, O	Ourense	491	119	0	0	610	14.027					
Carballo	A Coruña	267	84	12	48	411	31.349	SI		7	7	0
Cariño	A Coruña	82	33	0	20	135	3.838	SI	SI	9	7	2
Carnota	A Coruña	0	118	24	31	173	3.957	SI	SI	22	20	2
Carral	A Coruña	0	21	30	22	73	6.408					
Cartelle	Ourense	0	0	0	0	0	2.642					
Castrelo de Miño	Ourense	0	0	0	0	0	1.349					
Castrelo do Val	Ourense	0	8	12	21	41	984					
Castro Caldelas	Ourense	36	53	0	10	99	1.224					
Castro de Rei	Lugo	0	24	0	0	24	5.052					
Castroverde	Lugo	0	17	59	31	107	2.617					
Catoira	Pontevedra	60	0	0	47	107	3.335					
Cedeira	A Coruña	31	104	0	32	167	6.640	SI	SI	7	6	1
Cee	A Coruña	154	129	112	45	440	7.546	SI	SI	9	7	2
Celanova	Ourense	74	10	0	26	110	5.649					
Cenlle	Ourense	196	0	20	8	224	1.120					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Cerceda	A Coruña	0	20	0	0	20	5.001					
Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	36	27	0	84	147	5.699					
Cerdido	A Coruña	0	0	0	10	10	1.113					
Cervantes	Lugo	40	52	0	61	153	1.338					
Cervo	Lugo	74	135	0	14	223	4.227	SI	SI	8	5	3
Chandrea de Queixa	Ourense	0	14	20	15	49	456					
Chantada	Lugo	83	79	0	100	262	8.192					
Coirós	A Coruña	0	0	0	10	10	1.824					
Coles	Ourense	0	35	0	24	59	3.050					
Corcubión	A Coruña	44	16	0	0	60	1.589	SI	SI	2	0	2
Corgo, O	Lugo	81	10	0	17	108	3.481					
Coristanco	A Coruña	0	11	0	14	25	6.074					
Cortegada	Ourense	12	23	0	0	35	1.085					
Coruña, A	A Coruña	3.804	935	0	0	4.739	245.711	SI	SI	10	2	8
Cospeito	Lugo	0	16	0	47	63	4.484					
Covelo	Pontevedra	0	14	62	41	117	2.396					
Crecente	Pontevedra	0	6	0	44	50	2.012					
Cualedro	Ourense	0	0	0	0	0	1.679					
Culleredo	A Coruña	447	159	0	16	622	30.402					
Cuntis	Pontevedra	231	105	0	57	393	4.677					
Curtis	A Coruña	36	40	0	8	84	3.983					
Dodro	A Coruña	57	0	17	20	94	2.768					
Dozón	Pontevedra	0	0	0	0	0	1.082					
Dumbría	A Coruña	0	44	174	29	247	2.983	SI	SI	3	1	2
Entrimo	Ourense	28	54	0	30	112	1.140					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Esgos	Ourense	0	0	0	0	0	1.116					
Estrada, A	Pontevedra	42	79	28	261	410	20.479					
Fene	A Coruña	0	59	0	0	59	12.944	SI	SI	7	5	2
Ferrol	A Coruña	665	251	109	0	1.025	66.065	SI	SI	24	19	5
Fisterra	A Coruña	419	201	427	8	1.055	4.708	SI	SI	11	8	3
Folgosos do Courel	Lugo	6	28	36	126	196	1.024					
Fonsagrada, A	Lugo	12	49	171	77	309	3.465					
Forcarei	Pontevedra	18	31	0	64	113	3.388					
Fornelos de Montes	Vigo	0	0	0	26	26	1.616					
Foz	Lugo	212	150	70	52	484	9.980	SI		19	19	0
Frades	A Coruña	0	21	0	0	21	2.339					
Friol	Lugo	18	18	72	0	108	3.744					
Gomesende	Ourense	0	0	0	17	17	732					
Gondomar	Vigo	42	25	0	32	99	14.286					
Grove, O	Pontevedra	3.028	434	0	0	3.462	10.650	SI	SI	54	40	14
Guarda, A	Pontevedra	498	20	0	10	528	9.977	SI	SI	8	6	2
Gudiña, A	Ourense	132	37	26	0	195	1.254					
Guitiriz	Lugo	30	77	9	0	116	5.484					
Guntín de Pallares	Lugo	0	35	34	0	69	2.690					
Illa de Arousa, A	Pontevedra	42	74	0	0	116	4.926	SI	SI	64	51	13
Incio, O	Lugo	35	6	0	22	63	1.570					
Irixo, O	Ourense	0	0	0	0	0	1.466					
Irixoa	A Coruña	16	11	14	0	41	1.334					
Lalín	Pontevedra	248	108	30	36	422	20.218					
Lama, A	Pontevedra	0	17	0	24	41	2.445					
Láncara	Lugo	0	0	0	20	20	2.605					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Laracha, A	A Coruña	35	70	0	9	114	11.347	SI	SI	6	2	4
Larouco	Ourense	0	0	0	0	0	429					
Laxe	A Coruña	222	56	0	20	298	3.016	SI	SI	6	5	1
Laza	Ourense	0	8	36	0	44	1.228					
Leiro	Ourense	49	28	0	24	101	1.568					
Lobeira	Ourense	0	0	0	0	0	798					
Lobios	Ourense	310	28	0	19	357	1.708					
Lourenzá	Lugo	0	104	82	0	186	2.140					
Lousame	A Coruña	0	0	0	22	22	3.338					
Lugo	Lugo	1.301	419	160	26	1.906	98.276					
Maceda	Ourense	11	43	0	0	54	2.872					
Malpica de Bergantiños	A Coruña	44	134	0	41	219	5.391	SI	SI	13	11	2
Manzaneda	Ourense	0	17	14	21	52	870					
Mañón	A Coruña	57	68	12	0	137	1.356	SI		4	4	0
Marín	Pontevedra	117	26	18	6	167	24.319	SI		8	8	0
Maside	Ourense	0	0	0	0	0	2.705					
Mazaricos	A Coruña	32	8	144	18	202	3.885					
Meaño	Pontevedra	430	81	0	12	523	5.272	SI		0	0	0
Meira	Lugo	0	20	0	28	48	1.725					
Meis	Pontevedra	120	55	0	22	197	4.791					
Melide	A Coruña	87	200	508	76	871	7.406					
Melón	Ourense	0	0	0	0	0	1.184					
Merca, A	Ourense	0	22	0	0	22	1.913					
Mesía	A Coruña	0	0	22	28	50	2.530					
Mezquita, A	Ourense	109	72	0	12	193	1.023					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Miño	A Coruña	42	92	22	11	167	6.200	SI	SI	8	6	2
Moaña	Vigo	126	97	0	8	231	19.399	SI	SI	17	11	6
Moeche	A Coruña	0	15	0	12	27	1.226					
Mondariz	Pontevedra	50	51	0	33	134	4.440					
Mondariz-Balneario	Pontevedra	502	0	0	0	502	644					
Mondoñedo	Lugo	33	119	64	33	249	3.568					
Monfero	A Coruña	12	0	0	48	60	1.932					
Monforte de Lemos	Lugo	355	153	0	0	508	18.433					
Montederramo	Ourense	0	0	7	10	17	711					
Monterrei	Ourense	69	0	0	20	89	2.529					
Monterroso	Lugo	46	20	52	75	193	3.616					
Moraña	Pontevedra	0	0	0	34	34	4.179					
Mos	Vigo	151	42	32	0	225	15.078					
Mugardos	A Coruña	0	0	0	0	0	5.245	SI		2	2	0
Muíños	Ourense	0	0	30	23	53	1.502					
Muras	Lugo	0	0	0	0	0	642					
Muros	A Coruña	41	343	0	6	390	8.556	SI	SI	32	26	6
Muxía	A Coruña	28	222	325	65	640	4.657	SI	SI	18	17	1
Narón	A Coruña	509	150	0	0	659	39.080	SI		3	3	0
Navia de Suarna	Lugo	19	7	0	4	30	1.081					
Neda	A Coruña	0	18	28	16	62	5.079	SI		1	1	0
Negreira	A Coruña	161	28	270	10	469	6.827					
Negueira de Muñiz	Lugo	0	0	0	18	18	215					
Neves, As	Pontevedra	0	16	0	14	30	3.841					
Nigrán	Vigo	325	258	0	18	601	17.675	SI	SI	11	6	5
Nogais, As	Lugo	14	53	0	32	99	1.079					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Nogueira de Ramuín	Ourense	212	0	0	58	270	1.998					
Noia	A Coruña	264	106	0	29	399	14.263	SI		6	6	0
Oia	Pontevedra	409	25	18	28	480	3.053	SI		0	0	0
Oímbra	Ourense	0	0	0	0	0	1.712					
Oleiros	A Coruña	757	59	0	0	816	36.075	SI	SI	16	5	11
Ordes	A Coruña	219	77	0	21	317	12.674					
Oroso	A Coruña	0	87	46	0	133	7.500					
Ortigueira	A Coruña	88	208	0	79	375	5.671	SI	SI	23	22	1
Ourense	Ourense	1.071	230	108	0	1.409	105.233					
Ouro	Lugo	0	0	0	8	8	1.018					
Outeiro de Rei	Lugo	64	167	0	41	272	5.151					
Outes	A Coruña	76	107	0	58	241	6.282	SI		4	4	0
Oza-Cesuras	A Coruña	20	0	0	21	41	5.101					
Paderne	A Coruña	0	18	0	29	47	2.394	SI		1	1	0
Paderne de Allariz	Ourense	0	0	0	0	0	1.384					
Padrenda	Ourense	0	0	0	14	14	1.748					
Padrón	A Coruña	390	159	211	24	784	8.384					
Palas de Rei	Lugo	113	244	776	97	1.230	3.388					
Pantón	Lugo	502	12	0	129	643	2.542					
Parada de Sil	Ourense	8	10	36	36	90	538					
Paradela	Lugo	0	16	108	12	136	1.779					
Páramo, O	Lugo	0	0	0	14	14	1.366					
Pastoriza, A	Lugo	0	38	0	12	50	3.002					
Pazos de Borbén	Vigo	0	0	0	10	10	2.999					
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	19	164	260	46	489	1.001					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Pereiro de Aguiar, O	Ourense	67	70	0	0	137	6.275					
Peroxa, A	Ourense	0	0	0	35	35	1.819					
Petín	Ourense	0	0	0	0	0	861					
Pino, O	A Coruña	102	441	696	53	1.292	4.641					
Piñor	Ourense	0	24	0	16	40	1.176					
Pobra de Trives, A	Ourense	59	161	146	105	471	2.067					
Pobra do Brollón, A	Lugo	22	21	0	38	81	1.648					
Pobra do Caramiñal, A	A Coruña	78	62	0	18	158	9.338	SI	SI	24	17	7
Poio	Pontevedra	1.117	83	0	48	1.248	17.082	SI	SI	25	12	13
Pol	Lugo	0	0	0	0	0	1.609					
Ponte Caldelas	Pontevedra	96	71	8	12	187	5.494					
Pontearreas	Pontevedra	63	10	0	48	121	22.877					
Ponteceso	A Coruña	0	46	0	16	62	5.502	SI	SI	11	10	1
Pontecesures	Pontevedra	23	0	54	0	77	3.052					
Pontedeume	A Coruña	126	113	0	20	259	7.777	SI	SI	7	6	1
Pontedeva	Ourense	0	11	0	6	17	511					
Pontenova, A	Lugo	33	22	0	55	110	2.264					
Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña	54	88	0	0	142	10.138					
Pontevedra	Pontevedra	1.131	200	138	12	1.481	83.029	SI	SI	4	0	4
Porqueira	Ourense	0	0	0	0	0	815					
Porriño, O	Vigo	206	154	143	0	503	19.848					
Portas	Pontevedra	0	0	26	0	26	2.940					
Porto do Son	A Coruña	44	112	0	12	168	9.171	SI	SI	30	24	6
Portomarín	Lugo	188	168	740	6	1.102	1.471					
Punxín	Ourense	54	0	0	0	54	693					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Quintela de Leirado	Ourense	0	16	0	0	16	619					
Quiroga	Lugo	22	81	150	28	281	3.207					
Rábade	Lugo	72	0	0	0	72	1.501					
Rairiz de Veiga	Ourense	18	0	0	34	52	1.266					
Ramirás	Ourense	0	0	0	14	14	1.584					
Redondela	Vigo	27	158	272	30	487	29.218	SI	SI	8	6	2
Rianxo	A Coruña	0	118	0	33	151	11.033	SI		10	10	0
Ribadavia	Ourense	18	90	0	39	147	5.024					
Ribadeo	Lugo	721	226	40	101	1.088	9.854	SI		13	13	0
Ribadumia	Pontevedra	133	32	0	24	189	5.052					
Ribas de Sil	Lugo	38	0	0	12	50	947					
Ribeira	A Coruña	77	208	0	6	291	26.886	SI	SI	37	19	18
Ribeira de Piquín	Lugo	21	14	0	0	35	528					
Riós	Ourense	0	59	0	0	59	1.516					
Riotorto	Lugo	0	0	0	0	0	1.262					
Rodeiro	Pontevedra	0	19	0	0	19	2.437					
Rois	A Coruña	30	0	35	27	92	4.512					
Rosal, O	Pontevedra	0	36	0	30	66	6.234	SI		2	2	0
Rúa, A	Ourense	111	39	0	18	168	4.314					
Rubiá	Ourense	0	0	0	0	0	1.393					
Sada	A Coruña	157	69	0	0	226	15.841	SI	SI	8	6	2
Salceda de Caselas	Vigo	0	35	0	11	46	9.164					
Salvaterra de Miño	Vigo	19	0	0	17	36	9.819					
Samos	Lugo	50	47	118	34	249	1.278					
San Amaro	Ourense	12	0	46	0	58	1.089					
San Cibrao das Viñas	Ourense	200	106	0	0	306	5.405					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
San Cristovo de Cea	Ourense	0	27	77	0	104	2.137					
San Sadurniño	A Coruña	0	0	0	18	18	2.822					
San Xoán de Río	Ourense	0	0	0	0	0	531					
Sandiás	Ourense	0	14	24	0	38	1.206					
Santa Comba	A Coruña	94	20	0	0	114	9.426					
Santiago de Compostela	A Coruña	5.691	2.315	1.635	100	9.741	97.260					
Santiso	A Coruña	0	0	0	57	57	1.584					
Sanxenxo	Pontevedra	7.906	1.001	0	70	8.977	17.347	SI	SI	32	21	11
Sarreus	Ourense	0	0	0	40	40	1.162					
Sarria	Lugo	321	293	1.059	48	1.721	13.330					
Saviñao, O	Lugo	35	10	0	58	103	3.735					
Silleda	Pontevedra	255	120	215	78	668	8.687					
Sober	Lugo	12	0	0	51	63	2.312					
Sobrado	A Coruña	20	0	94	45	159	1.758					
Somozas, As	A Coruña	0	16	0	0	16	1.098					
Soutomaior	Vigo	135	0	53	22	210	7.395	SI	SI	5	4	1
Taboada	Lugo	0	18	18	6	42	2.756					
Taboadela	Ourense	163	0	0	0	163	1.429					
Teixeira, A	Ourense	0	12	0	15	27	316					
Teo	A Coruña	486	384	37	18	925	18.579					
Toén	Ourense	0	0	0	0	0	2.355					
Tomiño	Pontevedra	53	37	0	20	110	13.499					
Toques	A Coruña	0	0	30	0	30	1.124					
Tordoia	A Coruña	0	0	0	0	0	3.299					
Touro	A Coruña	0	0	0	40	40	3.574					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Trabada	Lugo	0	7	115	50	172	1.118					
Trasmiras	Ourense	0	0	30	0	30	1.286					
Trazo	A Coruña	0	0	0	12	12	3.113					
Triacastela	Lugo	0	83	285	70	438	641					
Tui	Pontevedra	542	74	149	35	800	16.701					
Val do Dubra	A Coruña	38	0	0	0	38	3.876					
Valadouro, O	Lugo	41	26	0	0	67	1.991					
Valdoviño	A Coruña	69	14	40	19	142	6.563	SI		16	16	0
Valga	Pontevedra	65	5	78	17	165	5.869					
Vedra	A Coruña	78	33	57	53	221	5.036					
Veiga, A	Ourense	56	38	0	34	128	889					
Verea	Ourense	0	0	0	0	0	943					
Verín	Ourense	93	240	38	0	371	13.723					
Viana do Bolo	Ourense	36	41	56	0	133	2.886					
Vicedo, O	Lugo	0	92	0	22	114	1.675	SI	SI	14	13	1
Vigo	Vigo	4.284	671	66	0	5.021	295.364	SI	SI	56	24	32
Vila de Cruces	Pontevedra	81	40	0	90	211	5.246					
Vilaboa	Pontevedra	248	15	0	48	311	5.874	SI		5	5	0
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	365	133	0	18	516	37.456	SI	SI	8	3	5
Vilalba	Lugo	248	192	121	0	561	14.072					
Vilamarín	Ourense	12	16	0	0	28	1.854					
Vilamartín de Valdeorras	Ourense	46	28	2	0	76	1.790					
Vilanova de Arousa	Pontevedra	779	10	14	0	803	10.302	SI	SI	21	18	3
Vilar de Barrio	Ourense	0	0	24	0	24	1.307					
Vilar de Santos	Ourense	0	0	29	0	29	820					





Concello	Delegación Territorial	Prazas en hoteis	Prazas en pensións	Prazas en albergues turísticos	Prazas turismo rural	Total prazas aloxamentos hostaleiros (2019)	Poboación (2019)	Concello costeiro	Praia urbana	Nº praias	Praias naturais	Praias urbanas
Vilardevós	Ourense	0	0	0	0	0	1.846					
Vilariño de Conso	Ourense	0	22	0	0	22	519					
Vilarmaior	A Coruña	0	8	68	22	98	1.226					
Vilasantar	A Coruña	0	12	0	0	12	1.213					
Vimianzo	A Coruña	0	94	0	18	112	7.057					
Viveiro	Lugo	840	49	0	56	945	15.466	SI	SI	11	8	3
Xermade	Lugo	0	34	0	35	69	1.806					
Xinzo de Limia	Ourense	120	44	14	10	188	9.715					
Xove	Lugo	0	22	0	10	32	3.273	SI		8	8	0
Xunqueira de Ambía	Ourense	0	25	24	14	63	1.375					
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	12	12	0	0	24	745					
Zas	A Coruña	14	36	0	0	50	4.472					
Totais Galicia		55.277	21.554	13.621	7.014	97.466	2.699.499	71	50	992	749	243

